

CALENDARIO ACADÉMICO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN

Curso 2020-2021

(Aprobado en Xunta de Centro o 29 de xullo de 2020)

Primeiro. O calendario académico da Facultade de Filoxía e Tradución réxese polo *Calendario Académico do curso 2020-2021* aprobado en Consello de Goberno o 29 de abril de 2020 e modificado polo Consello de Goberno o 2 e o 12 de xuño de 2020.

Segundo. As actividades docentes nos graos e posgraos do centro comezarán e rematarán nas seguintes datas:

	<i>Inicio</i>	<i>Fin</i>
Primeiro Cuadrimestre	Luns, 21/09/2020	Venres, 15/01/2021
Segundo Cuadrimestre	Luns, 01/02/2021	Venres, 14/05/2021

Terceiro. A duración das sesións variará en función das horas que corresponden ás materias segundo a seguinte táboa:

<i>Horas da materia</i>	<i>Minutos de docencia por oco horario de 120 minutos</i>
48 horas	105 min.
52 horas	110 min.
54 horas	120 min.

Cuarto. As probas de avaliación única realizaranse nos seguintes períodos:

	<i>Inicio</i>	<i>Fin</i>
Fin de carreira	Luns, 28/09/2020	Venres, 23/10/2020
Primeiro Cuadrimestre	Luns, 18/01/2021	Venres, 29/01/2021
Segundo Cuadrimestre	Luns, 17/05/2021	Venres, 28/05/2021
Segunda oportunidade	Luns, 21/06/2021	Venres, 09/07/2021

Quinto. O rexistro na aplicación informática das cualificacións e a entrega das actas iniciarase na data establecida no calendario académico da Universidade de Vigo e rematará segundo as seguintes datas establecidas para a Facultade de Filoxía e Tradución:

	<i>Materias de grao e mestrado, agás TFG e TFM</i>	<i>TFG e TFM</i>
Fin de carreira	Venres, 13/11/2020	Venres, 27/11/2020
Primeiro Cuadrimestre	Venres, 12/02/2021	Venres, 26/02/2021
Segundo Cuadrimestre	Venres, 11/06/2021	Venres, 02/07/2021
Segunda oportunidade	Venres, 16/07/2021	Venres, 30/07/2021

Sexto. A festa do patrón da facultade celebrarase o 26 de abril de 2021, luns.

Sétimo. As Xornadas de Acollida serán os días 15 e 16 de setembro de 2020. O 21 de setembro celebrarase o acto de inicio de curso.

Octavo. O calendario de presentación e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Mestrado será o determinado nas seguintes táboas.

CALENDARIO DE TFG

Acción	Fin de carreira (novembro de 2020)	Primeiro período (febreiro 2021)	Segundo período (xuño 2021)	Segunda oportunidade (xullo 2021)
Data límite de entrega na Secretaría Virtual do <i>Informe de conformidade</i> da titora ou titor	Luns 2 de novembro	Luns 1 de febreiro	Martes 8 de xuño	Martes 6 de xullo
Data límite para realizar o trámite virtual polo que o estudantado solicita a defensa oral do TFG na Secretaría Virtual. Hai que imprimir electrónicamente en formato PDF as dúas copias que xera o sistema e enviar unha delas xunto co traballo por correo electrónico ao Negociado de Asuntos Xerais (sdfft@uvigo.es) no trámite seguinte.	Venres 6 de novembro	Venres 5 de febreiro	Xoves 10 de xuño	Xoves 8 de xullo
Data límite para que o alumnado entregue as copias do TFG no Negociado de Asuntos Xerais da FFT (Decanato). Realizarase tamén a entrega en soporte electrónico: <ul style="list-style-type: none"> ○ 1 copia en papel en caso de tribunal unipersonal e 3 copias no caso de Colexiado. ○ 1 copia electrónica da versión final do TFG en PDF enviada a sdfft@uvigo.es. No asunto da mensaxe debe figurar TFG, a sigla do grao (GLE/GTI/GCLEL) e máis os apelidos do/a estudante. Exemplo: TFG GTI Pérez Pérez. Este deberá ser tamén o nome do ficheiro PDF. ○ Unha copia da solicitude de defensa oral xerada na Secretaría Virtual en PDF no trámite previo. 	Luns 9 de novembro	Luns 8 de febreiro	Luns 14 de xuño	Luns 12 de xullo
Data límite para entregar por correo electrónico o informe da/o titor/a de cada TFG (co seu visto e prace) no Negociado de Asuntos Xerais, en caso de tribunais Colexiados. No informe, segundo o modelo da FFT, constará a nota proposta por quen titoriza o traballo (30% da cualificación total).	Luns 9 de novembro	Luns 8 de febreiro	Luns 14 de xuño	Luns 12 de xullo
Data límite para que o Negociado de Asuntos Xerais entregue a documentación (copias dos TFG e informes de titor/a) a quen exerza a secretaría de cada tribunal Colexiado. No caso de tribunal unipersonal, entregaráselle a copia do TFG ao titor/a.	Martes 10 de novembro	Martes 9 de febreiro	Martes 15 de xuño	Martes 13 de xullo
Data límite para que a secretaría de cada tribunal Colexiado ou o titor/a dos tribunais unipersonais comuniquen as datas, horas e lugar de defensa pública de cada TFG no Negociado de Asuntos Xerais.	Mércores 11 de novembro	Mércores 10 de febreiro	Mércores 16 de xuño	Mércores 14 de xullo

O Negociado de Asuntos Xerais comunica as datas, horas e lugar previstos para a defensa de cada TFG. A convocatoria será publicada no espazo FAITIC da materia TFG do grao correspondente e no taboleiro do decanato.	Xoves 12 de novembro	Xoves 11 de febreiro	Xoves 17 de xuño	Xoves 15 de xullo
Datas previstas para as defensas públicas dos TFG fixadas polos tribunais colexiados e unipersoais	Martes a venres 17-20 de novembro	Martes a venres 16-19 de febreiro	Martes a venres 22-25 de xuño	Martes a venres 20-23 de xullo
Data límite para entregar no Negociado de Asuntos Xerais (sdfft@uvigo.es) as actas das actuacións dos tribunais coas correspondentes propostas de cualificación. No caso de tribunal colexiado estas deberán estar desagregadas (30% titor/a e 70% tribunal).	Martes 24 de novembro	Martes 23 de febreiro	Martes 29 de xuño	Martes 27 de xullo
Data límite da Facultade de Filoxía e Tradución para a entrega na Secretaría Virtual e na Área de Grao (secretaría; secffi@uvigo.es) das actas das actuacións dos tribunais colexiados e unipersoais coas correspondentes propostas de cualificación.	Venres 27 de novembro	Venres 26 de febreiro	Venres 2 de xullo	Venres 30 de xullo

CALENDARIO DE TFM

De modo previo á primeira data indicada, as persoas que titorizan TFM deberán cubrir o preceptivo informe na Secretaría Virtual. Unha vez cuberto, o alumnado deberá solicitar a defensa a través da Secretaría Virtual. Estes dous trámites son obrigatorios para poder presentar o TFM.

Acción	Fin de máster (novembro 2020)	Avaliación adelantada (febreiro 2021)	Primeira edición de actas (xuño 2021)	Segunda edición de actas (xullo 2021)
Data límite de entrega das copias do TFM e do informe de titor/a na Área de Posgrao da FFT. O estudantado debe enviar tamén unha copia electrónica do TFM a posgraosh1@uvigo.es. No asunto da mensaxe debe figurar TFM, a sigla do máster correspondente (MTM/MTCI/ MEIA/MILA) e mais os apelidos do/a estudante. Exemplo: TFM MTM Pérez Pérez. Cómpre que antes desa data a persoa que coordina o máster lle forneza á área de Posgrao da FFT o listado coa composición das comisións avaliadoras e a asignación de traballos que avaliarán	Luns 2 de novembro	Luns 1 de febreiro	Martes 1 de xuño	Luns 5 de xullo
Data límite para que se lles entregue ás presidencias das comisións avaliadoras a documentación (copias dos TFM e informes de quen titoriza o TFM).	Venres 6 de novembro	Venres 5 de febreiro	Venres 4 de xuño	Venres 9 de xullo
Remate do prazo para que quen exerce a secretaría das comisións avaliadoras entregue na Secretaría Virtual e na Secretaría de Alumnado as actas das actuacións das comisións coas correspondentes propostas de cualificación.	Venres 27 de novembro	Venres 26 de febreiro	Venres 2 de xullo	Venres 30 de xullo